

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
5234/2024	A Xunta de Goberno Local	05/08/2024

María Jesusa Fernández Bascuas, en calidade de secretaria deste órgano colexiado,

CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

FÓRA DA ORDE DO DÍA: EXPEDIENTE 5234/2024. PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, relativa ao expediente de contratación do servizo de "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)", asinada en data 31 de xullo de 2024 por parte do señor alcalde indicando, entre outros, que: "*A necesidade da celebración deste contrato ven determinada polo o estado no que se atopa o retablo, xa que tendo en conta que se localiza no muro de peche da cabeceira da igrexa de Santo Tomé de Acorados, concretamente apoiado no muro leste da edificación adaptándose ao espazo superior abovedado, require dunha restauración urxente para evitar o seu deterioro definitivo.*"

Vista a Providencia da Alcaldía de data 31 de xullo de 2024, pola que se dispón que se incorpore ao expediente informe sobre insuficiencia de medios así como que por Intervención municipal se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso.

Visto que, con data 31 de xullo de 2024, foi emitido informe de insuficiencia de medios por parte do señor alcalde.

Visto que se incorporaron ao expediente os documentos correspondentes á retención de crédito pola Intervención municipal.





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación da Alcaldía nº 2023-0854, de 20 de xuño.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1573, emitida con data 05/08/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para a contratación do servizo de "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)" por procedemento aberto simplificado, cuxo orzamento base de licitación ascende á cantidade de 50.949,47 euros (IVE incluído).

Segundo.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017, a seguinte documentación:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e praxe do señor alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

Cod. Validación: 5PHC9ZMSTYS6RS54WAQGN3ME5
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

